

No momento actual, e deixando á parte as variantes xeográficas, a principal variación que podemos observar na lingua son as diastráticas e as diafásicas, que nos permiten clasificar un texto (oral ou escrito) segundo o seu nivel (culto, medio, popular ou vulgar) e o seu rexistro (formal ou informal).

A **variación diastrática** está formada polo conxunto de diferenzas lingüísticas dependentes do estrato social, económico e cultural do/a falante. Cada unha das variedades socioculturais da lingua con características homoxéneas é un **sociolecto** ou **nivel de lingua**. Os niveis lingüísticos ou sociolectos dependen dos seguintes factores:

- a) O **nivel cultural** e de instrución idiomática. Este é o elemento fundamental que determina o nivel lingüístico. Normalmente se relaciona tamén coa pertenza a unha determinada clase social (clase social alta = maior grao de formación, como norma xeral). Con todo, a escola pública e os medios de comunicación social son axentes que permiten superar os desequilibrios culturais entre clases sociais.
- b) O **lugar de residencia** (oposición rural/urbano). As formas de falar no rural son máis conservadores no léxico e no uso do galego manifestan menor grao de castelanización e maior enxebreza. Nas cidades a lingua está máis exposta ás innovacións e ás modas e no caso galego, á presión do castelán.
- c) A **profesión** condiciona ás veces o nivel de lingua que se ha de usar.

O nivel de lingua é a destreza lingüística que manexa un falante dependendo da súa extracción social, grao de cultura e educación. Podemos distinguir catro graos:

- **Nivel culto:** modelo de máxima corrección lingüística propio de falantes con formación cultural elevada. Caracterízase por: amosar unha dicción clara, corrección gramatical, riqueza léxica, exactitude e precisión na expresión e uso restrinxido dos códigos non verbais.
- **Nivel medio:** corresponde ao estándar da lingua; é a modalidade que se utiliza na administración pública, nos medios de comunicación social, no ensino e tamén nos usos formais das persoas cunha cultura media.
- **Nivel popular:** nivel propio de persoas cun grao limitado de instrución idiomática. Baséase na economía expresiva (dicir o máis posible coas menos palabras). Caracterízase por: maior presenza das funcións apelativa, expresiva e fática da linguaxe, frecuentes apelacións ao oínte, importancia dos códigos non verbais, uso de frases feitas, refráns e retrousos, e poden mesmo aparecer incorreccións gramaticais.
- **Nivel vulgar:** modalidade propia das persoas con escasa ou nula instrución e caracterízase por: unha pronuncia descoidada, un elevado ton de voz, son usuais os erros gramaticais e incorreccións léxicas (vulgarismos), e amosa unha pobreza de vocabulario (abundante uso de “palabras baúl”) e de palabras malsoantes.

A **variación diafásica** ou situacional ten que ver coas situacións en que se usa a lingua ou co tipo de comunicación que se establece. Depende de varios factores:

- a) A **canle** empregada: é distinto un uso oral que escrito da lingua. A lingua escrita require maior planificación, mentres que a oral é máis espontánea; as variantes dialectais sóense usar só na lingua oral e non na escrita (habitualmente escribimos en lingua estándar); por último a lingua oral soe ser máis espontánea e polo tanto, máis descoidada, fronte á lingua escrita, que é mais planificada e cunha sintaxe máis complexa e máis coidada.

- b) Os **interlocutores**: á hora de establecer a comunicación a escolla do rexistro depende tamén do grao de confianza que se teña co receptor, a idade, a profesión... (é distinto falar cunha médica que cunha irmá).
- c) O **tema**: hai certos temas que implican un determinado modo de expresarse. Por exemplo non é igual falar confidencias ca de política.
- d) A **situación** ou contorno extralingüístico: non falamos igual nunha discoteca ca nun debate en clase.
- e) O **contexto lingüístico**: o tipo de texto, a intención comunicativa e a estrutura textual determinan a modalidade de lingua escollida.

En función de todos estes factores, podemos distinguir dous **rexistros lingüísticos**:

- O **rexistro formal**. Caracterízase por un uso da lingua elaborado, propio de situacións académicas, literarias ou formais que esixen planificación. Dentro deste rexistro incluíríamos a linguaxe científica e a linguaxe técnica, caracterizadas por posuír un léxico propio.
- O **rexistro coloquial**. Caracterízase por un uso da lingua espontáneo, propio de situacións informais e de uso cotián. Dentro deste rexistro podemos incluír as **xergas esotéricas** ('secretas') propias de grupos sociais marxinados ou pechados, que se usan coa finalidade de evitar seren comprendidos, como as propias dos oficios tradicionais (o baralleite dos afiadores ourensáns, o verbo dos arxinas ou latín dos canteiros de Terra de Montes) ou outras xergas como a estudantil, as das tribos urbanas, a dos delincuentes, etc.